

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

ESO

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

C.P.I PLURILINGÜE DE VEDRA

CURSO 2019-2020

INDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	5
1.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	7
1.2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO	8
1.3. CARACTERÍSTICAS DO DEPARTAMENTO	9
2. CONTRIBUCIÓN DA EDUCACIÓN FÍSICA ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS/CLAVE	9
2.1. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COAS COMPETENCIAS CLAVE	12
3. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	15
3.1. OBXECTIVOS XERAIS	15
3.2. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	17
1º ESO	17
2º ESO	22
3º ESO	29
4º ESO	36
4. PLANTEXAMENTOS DIDÁCTICOS	42
4.1. ASPECTOS METODOLÓXICOS	43

4.2.	TRATAMENTO DOS CONTIDOS CONCEPTUAIS _____	44
4.3.	ASPECTOS ORGANIZATIVOS _____	44
4.4.	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS E ASPECTOS DE INTERESE NA DINÁMICA DA SESIÓN _____	45
4.5.	ESTILOS DE ENSIANZA _____	46
5.	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS _____	48
5.1.	MATERIAIS DE AULA _____	48
5.2.	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS _____	49
6.	AVALIACIÓN _____	50
6.1.	PROCESO DE AVALIACIÓN _____	50
6.2.	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN _____	51
6.4.	PENDENTES DURANTE O CURSO _____	56
6.5.	AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE _____	56
6.6.	AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN _____	62
7.	ATENCION A DIVERSIDADE _____	64
7.1.	ALUMNADO CON IMPEDIMENTO FÍSICO SEVERO _____	65
7.2.	ACI _____	65
8.	TEMAS TRANSVERSAIS _____	80

8.1.	EDUCACIÓN PARA A PAZ E CONVIVENCIA	80
8.2.	EDUCAIÓN MORAL, CÍVICA E AMBIENTAL	80
8.3.	EDUCACIÓN PARA A SAÚDE	81
8.4.	EDUCACIÓN VIAL	81
8.5.	EDUCACIÓN PARA O CONSUMIDOR	82
8.6.	EDUCACIÓN PARA IGUALDADE DE SEXOS	82
9.	<i>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</i>	83
10.	<i>TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA</i>	84
11.	<i>TRATAMENTO E FOMENTO DAS TIC</i>	85
12.	<i>INFORMACIÓN AO ALUMNADO E COMUNIDAD EDUCATIVA</i>	85
	ANEXO I	87
	ANEXO II	89
	ANEXO III	98
	ANEXO IV	100

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O fundamento da nosa filosofía é o principio de globalidade; somos partidarios dunha formulación global das actividades na educación física que evite os traballos analíticos que parcializan e automatizan movementos fora do contexto real. Así pois, tentamos potenciar a idea de « alumno intelixente », capaz de tomar as súas propias decisións e de resolver en por si as situacións que se lle expoñen. Todo iso iría, pois, en detrimento de a tradicional imaxe de « alumno robot », suxeito a sucesivas repeticións dun modelo establecido polo profesor ou profesora.

As actuais características dos centros educativos facilitan unha gran heteroxeneidade de alumnos; distintas cidades e/ou barrios de procedencia, diversas escolas con variedade de contidos e metodoloxías, etc. Isto, ligado á constante evolución dos contidos propios da educación física, implica o carácter dinámico deste proxecto curricular, que ha de ser revisado e adaptado constantemente, mantendo unha filosofía crítica e construtiva que permita a súa evolución e mellora, e que contemple a diversidade dos alumnos.

O corpo e o movemento son os eixos básicos nos que se debe centrar a acción educativa da educación física. Por unha banda, constitúen a especificidade da área que irá dirixida cara á mellora das calidades físicas e motrices. Doutra banda, a educación a través do corpo e o movemento resultará esencial para adquirir competencias de carácter afectivo e relacional, necesarias para a vida en sociedade.

O desenvolvemento armónico e integral do ser humano leva ineludiblemente a inclusión na formación dos mozos daqueles ensinamentos que van potenciar o desenvolvemento das súas capacidades e habilidades motrices, profundando no coñecemento desta conduta como organización significativa do comportamento humano, e asumindo actitudes, valores e normas con referencia ao corpo e ao movemento.

Nunha sociedade que progresa cara á economía máxima do esforzo intelectual e físico, faise imprescindible a práctica e sobre todo a aprendizaxe e a valoración da actividade física como medio de equilibrio psicofísico e tamén como alternativa de ocupación do tempo libre. O sedentarismo, consecuencia deste aforro do esforzo, é unha das causas principais do crecente incremento dos índices de sobrepeso na poboación infantil e xuvenil. A materia de Educación Física actúa neste sentido como factor de prevención de primeira orde.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Educación Física debe contribuír ao logro dos obxectivos xerais da etapa e á adquisición das competencias básicas/clave. Non basta con desenvolver as capacidades instrumentais e habituarse á práctica continuada de

actividade física, senón que ademais hai que vincular esa práctica ao coñecemento dos efectos que esta ten sobre o desenvolvemento persoal e social.

A Educación Física que se propón ten un carácter integrador no sentido que recoñece a súa multiplicidade de funcións, como son a función de coñecemento, na medida en que o movemento é un dos instrumentos cognitivos fundamentais da persoa tanto para coñecerse a si mesma como para explorar e estruturar a súa contorna inmediata; a función anatómico-funcional, mellorando e incrementando, mediante o movemento, a propia capacidade motriz en diversas situacións e para distintos fins e actividades; a estética e expresiva, a través de manifestacións artísticas; a comunicativa e de relación, en tanto que a persoa utiliza o seu corpo e o seu movemento para relacionarse con outras persoas, compensando así as restricións do medio e o sedentarismo habitual da sociedade actual; a hixiénica, relativa á conservación e mellora da saúde e o estado físico; a agonística, en tanto que a persoa pode demostrar a súa destreza, competir e superar dificultades a través do movemento corporal; a catártica e hedonista, na medida en que as persoas, a través do exercicio físico, libéranse de tensións, restablecen o seu equilibrio psíquico, etc.

A Educación Física debe contribuír, polo tanto, á consolidación de hábitos saudables para a mellora da calidade de vida, sobre todo daqueles que fan referencia a actividade física e que acompañarán ao cidadán ao longo da súa vida.

Os contidos organízanse ao redor de catro grandes bloques: 1. Contidos comúns, 2. Actividades físicas artístico-expresivas, 3. Actividade física e saúde, 4 Os xogos e as actividades deportivas.

Esta división facilita a organización do amplo abanico de medios de que dispón a materia para conseguir os obxectivos que pretende, e debe ser entendida como bloques relacionados entre si, que non poden traballarse aisladamente.

En cada un dos bloques están presentes, de forma integrada, os contidos de conceptos, procedementos e actitudes; enténdese así que os tres tipos de contidos son importantes e deben formar parte do desenvolvemento da programación desta materia. Ademais, en todos os bloques existe unha progresión na aplicación dos distintos contidos ao longo da etapa.

-O bloque de contidos común, pola súa natureza transversal, traballarase ao longo do curso de xeito integrado cos contidos do resto dos bloques, dado que trata aspectos como a construción das fases dunha sesión, o aseo persoal, a participación nas actividades físicas inde-

pendentemente do propio nivel de execución, a resolución de conflitos mediante o diálogo e a aceptación das regras establecidas, as posibilidades que presentan as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno, o control de riscos, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e dos espazos, e a integración das tecnoloxías da información e da comunicación..

-O bloque de condición física e saúde agrupa contidos referidos á saúde física, hábitos de exercicio físico e de práctica deportiva, como medio de adaptación á vida social e ao emprego construtivo do tempo libre que inciden na mellora e desenvolvemento das capacidades físicas do individuo para a mellora da súa calidade de vida, así como aspectos relacionados coa saúde que se poden abordar desde a práctica da actividade física, segundo as recomendacións de diversos organismos de ámbito internacional, estatal e autonómico.

-Os xogos e deportes en educación física terán un carácter aberto, flexibilizando as súas regras para adaptalas ás características do grupo (idade, nivel, etc.), ás instalacións e ao material dispoñible.

Ademais, deben fomentar a máxima participación de todo o alumnado, sen que ninguén poida verse discriminado por razón de sexo, nivel de habilidade, orixe cultural ou outros criterios e deben, así mesmo, realizarse con fins educativos, centrados na mellora das capacidades que son obxectivo da educación e acompañados de prácticas que fomenten a colaboración.

-Mediante as actividades de expresión corporal baile e outros recursos artísticos, o alumnado aprenderá a expresar e a comunicar, mediante o corpo, emocións, sentimentos e ideas a través de distintas técnicas. A orientación lúdica e emocional facilita a súa utilización como fonte de goce e enriquecemento persoal.

-As actividades realizadas no medio natural son unha oportunidade única para que o alumnado interaccione directamente cunha contorna que lle é familiar e valore a súa conservación mediante actividades sinxelas e seguras.

1.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O CPI De Vedra é un centro de titularidade pública financiado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Conta cun total de 141 alumnos en Educación Secundaria. Impártense ademais ensinanzas de Infantil e Primaria, con horarios diferentes en moitas das súas seións.

Está situado nun entorno rural, a uns 14 Km. de Santiago de Compostela, a escasos metros da casa do Consello e nas inmediacións das instalacións deportivas.

Físicamente é un edificio situado nunha parcela con zonas libres para uso dos alumnos como patio é dúas pistas exteriores. O resto de instalacións deportivas pertencen ao concello: pavillón de usos múltiples. Tamén ten xunto ao pavillón o centro do xubilado, que dispón de un salón con escenario.

1.2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

Os alumnos e as alumnas deste centro proceden do Concello de Vedra , na súa maioría pertencen ao mundo rural, en particular de zonas dispersas, dependendo a maioría dos alumnos do transporte escolar para o seu traslado ao centro.

A maioría vive en casas illadas ou formando núcleos poboacionais: aldeas.

Os servizos que existen en cada fogar varían co nivel económico. Dáse unha porcentaxe baixa con vivendas en malas condicións de habitabilidade, o que implica que non haxa para os seus membros un mínimo de comodidades para un bo clima de traballo estudiantil. Maioritariamente o alumnado, no seu tempo libre, dedícase a usar aparellos informáticos ou dixitais, a escoitar música, a estudar e ver a televisión.

O número total de alumnado que cursarán ESO é de 141 repartidos da seguinte forma:

- 2 grupos de 1º ESO.
- 2 grupos de 2º ESO.
- 2 grupos de 3º ESO.
- 2 grupo de 4º ESO.

1.3. CARACTERÍSTICAS DO DEPARTAMENTO

O departamento, en sí mesmo, non conta con departamento propio, pero sí compartido con outros 3 departamentos.

Como se sinalaba nas características do centro o departamento dispón de tres áreas practicables para a impartición das sesións, pero que tan só consideramos como dúas, dado que as dúas pistas exteriores son contiguas e ningunha ten cuberta. O pavillón de usos múltiples do concello será a nosa principal instalación, sobre todo cando faga mal tempo. É compartida co mestre deste centro, co cal só contamos con media pista sen división algunha, o que dificulta a impartición a vez de dous cursos sen interferirse. O uso das pistas exteriores tamén está limitado, pois temos o recreo de primaria na nosa 3ª sesión.

Isto condiciona moito a programación de aula pois non sempre se dispón da instalación e material axeitados a cada unidade. Para solventar en medida este problema o mestre e o profesor acordan coordinarse coa temporalización das unidades para poder contar co material necesario en cada momento. Tamén, e na medida do posible trataremos de utilizar a pista de atletismo e as pistas e camiños forestais cercanos.

O departamento é unipersoal. O profesor e xefe de departamento será José Antonio Castro Cores, cunha carga lectiva de 16 horas.

2. CONTRIBUCIÓN DA EDUCACIÓN FÍSICA ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS/CLAVE

A materia de Educación Física contribúe en maior ou menor medida ao desenvolvemento das competencias básicas e claves dos nosos currículos en vigor. Contribúe de maneira directa e clara na consecución de catro competencias básicas/clave: a competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, as competencias sociais e cívicas, a competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor e a competencia de aprender a aprender.

-O corpo humano constitúe unha peza crave na interrelación da persoa coa contorna, e a educación física está directamente comprometida coa adquisición do máximo estado de benestar físico, mental e social posible nunha contorna saudable, tanto para ela mesma como para as súas familias e para o seu contorno social próximo, e saber como un estilo de vida saudable pode contribuir a isto.

A través da educación física o alumnado coñece, practica e valora a actividade física como elemento indispensable para manter o seu corpo nun estado saudable ao longo da súa vida. Esta materia proporciona coñecementos e destrezas sobre determinados hábitos saudables que acompañarán ao alumnado máis aló da etapa obrigatoria. Ademais, achega ao futuro cidadán criterios para o mantemento e mellora da condición física, sobre todo daquelas calidades físicas asociadas á saúde: resistencia cardiovascular, forza-resistencia e flexibilidade.

As actividades físicas realizadas na natureza van encamiñadas a facer un uso responsable do medio natural, realizando tan só aquelas que supoñen un baixo impacto ambiental e practicándoas en condicións de máxima seguridade.

-A educación física expón situacións especialmente favorables á adquisición da competencia social e cidadá. As características propias desta materia fana propicia para a educación de habilidades sociais, cando a intervención educativa fai incidencia neste aspecto. As actividades físicas son un medio eficaz para facilitar a integración e fomentar o respecto, á vez que contribúen ao desenvolvemento da cooperación, a igualdade e o traballo en equipo. A práctica e a organización das actividades deportivas colectivas requiren a integración nun proxecto común, a aceptación das diferenzas e limitacións dos participantes, seguindo normas democráticas na organización do grupo e asumindo cada integrante os seus propios dereitos e deberes. O cumprimento das normas e regulamentos que rexen as actividades deportivas colabora na aceptación dos códigos de conduta propios dunha sociedade.

-A educación física axuda de forma destacable á consecución de autonomía e iniciativa persoal e a espírito emprendedor fundamentalmente en dous sentidos.

Por unha banda, dando protagonismo ao alumnado en aspectos de organización individual e colectiva de xornadas e actividades físicas e deportivas ou de ritmo, e en aspectos de planificación de quecementos e de actividades para a mellora da súa condición física. Doutra banda, a educación física colabora na consolidación desta competencia na medida en que enfrenta ao alumnado a situacións nas que debe manifestar habilidades persoais de autosuperación, perseveranza e actitude positiva, como na aprendizaxe de habilidades de certa dificultade técnica ou na mellora do propio nivel de condición física en relación coa saúde.

Esta materia sitúa tamén ao alumnado ante situacións nas que debe manifestar iniciativa ante actitudes e habilidades sociais, como a responsabilidade individual, a honestidade na aplicación das regras básicas das diversas actividades físicas e deportes e a aceptación dos distintos niveis de condición física e de execución motriz dentro do grupo.

-A educación física colabora na consecución da competencia para aprender a aprender na adquisición de habilidades para o traballo en equipo nas diversas actividades deportivas colectivas e nas actividades expresivas en grupo. Así mesmo, contribúe porque na resolución de situacións reducidas de xogo obtéñense aprendizaxes técnicas, estratéxicos e tácticos que son xeneralizables para varias actividades deportivas. Da mesma maneira, esta materia ofrece recursos para a planificación de quecementos e determinadas actividades físicas a partir dun proceso de experimentación. Todo iso permite que o alumnado sexa capaz de regular a súa propia aprendizaxe e práctica de actividade física no seu tempo libre, dunha forma organizada e estruturada.

-Esta materia contribúe de forma relevante á adquisición da competencia da conciencia e expresións culturais e artísticas en diversos aspectos. Á apreciación e comprensión do feito cultural faio mediante o recoñecemento e a valoración das manifestacións culturais da motricidade humana, talles como os deportes, os xogos tradicionais, as actividades expresivas ou a danza e a súa consideración como parte do patrimonio cultural dos pobos. á expresión de ideas ou sentimentos de forma creativa contribúe mediante a exploración e utilización das posibilidades e recursos expresivos do corpo e o movemento. Así mesmo, mostrarse corporalmente ante os demais proporciona experiencias ao redor das propias posibilidades expresivas. á adquisición de habilidades perceptivas, esta materia colabora especialmente desde as experiencias sensoriais e emocionais propias das actividades da expresión corporal. Doutra banda, o coñecemento das manifestacións lúdicas, deportivas e de expresión corporal propias doutras culturas axuda á adquisición dunha actitude aberta cara á diversidade cultural. Noutro sentido, esta materia está comprometida coa adquisición dunha actitude aberta e respectuosa ante o fenómeno deportivo como espectáculo, mediante a análise e a reflexión crítica ante a violencia no deporte ou outras situacións contrarias á dignidade humana que nel se producen.

-Dalgunha maneira a educación física contribúe á adquisición da competencia matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía, sobre todo en canto a aspectos cuantitativos refírese. Esta materia facilita a estimación na medida de magnitudes, a aplicación de algoritmos que interveñen no cálculo de porcentaxes e o uso de fórmulas sinxelas para calcular o índice de masa corporal ou o limiar aeróbico, a elaboración e interpretación de gráficos relacionados co coidado da saúde e o uso de escalas numéricas e gráficas nas actividades de orientación no medio.

En tanto en que todo movemento prodúcese nun espazo en un tempo, e incluso os materiais teñen diferentes formas, os xogos e deportes bríndanos una gama de fenómenos como patróns, propiedades dos obxectos, posición dos participantes e obxectos, dirección e repre-

sentación deles; decodificación e codificación de información visual, así como navegación e interacción dinámica con formas reais, ou con representacións; a comprensión da perspectiva, a elaboración e lectura de mapas e a interpretación de vistas de escenas tridimensionais desde distintas perspectivas.

-Tendo en conta que a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación non pode substituír a actividade física no horario asignado á materia, contribúese ao tratamento da información e a competencia dixital mediante a procura, selección e valoración da información que permita unha certa autonomía na planificación e organización da propia actividade física. Ademais, a utilización de recursos gráficos e audiovisuais para o recoñecemento de movementos e toma de conciencia corporal contribúe á interpretación da información, en especial de linguaxes non verbais.

Doutra banda, esta materia colabora á adquisición dunha actitude crítica e reflexiva na valoración das mensaxes referidas ao corpo procedentes dos medios de información e comunicación, que poden danar a propia imaxe corporal. Así mesmo, a valoración da actividade física para o tempo libre contribúe ao recoñecemento dos inconvenientes do excesivo lecer sedentario derivado do uso das tecnoloxías da información e comunicación para o entretemento.

-A adquisición da competencia en comunicación lingüística contribúese ofrecendo gran variedade de situacións nas que a interacción entre iguais prodúcese a través da linguaxe verbal e non verbal. Resulta fundamental, na transmisión de ideas para a resolución de problemas motores, a construción de xuízos con relación aos códigos de conduta e na expresión de sentimentos e emocións.

2.1. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COAS COMPETENCIAS CLAVE

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.1. Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que se vaian realizar, seguindo as orientacións dadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.3. Respecta os hábitos de aseo persoal en relación á saúde e a actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.1. Coñece e identifica as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico-deportivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.2. Respecta o seu controno e a valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección no seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, combinando espazo, tempo e intensidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.2. Pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.3. Colabora na realización de bailes e danzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.1. Distingue de xeito básico o impacto que pode ter a alimentación nun estilo de vida saudable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.2. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora da condición física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.3. Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, e lévaas á práctica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.1. Iníciase na participación activa das actividades para a mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas máis sinxelas, respectando as regras e as normas establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.2. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.3. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación, adecuado á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.4. Explica e pon en práctica técnicas básicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas, respectando o regulamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.2. Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE

LENDA COMPETENCIAS

CCL Comunicación lingüística.

CSC Competencias sociais e cívicas.

CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CSIEE Sentido de iniciativa a espírito emprendedor.

CD Competencia dixital.

CCEC Conciencia e expresións culturais.

CAA Competencia aprender a aprender.

3. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

3.1. OBXECTIVOS XERAIS

Segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos/as alumnos/as as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1º ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación						Temporalización
					PE	PP	TI	TG	RU	OA	
Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física											
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Fases de activación e recuperación, e o seu significado como hábito saudable na práctica da actividade física. ▪ B1.2. Execución de xogos e exercicios apropiados para cada parte da sesión. ▪ B1.3. Atención ao aseo persoal e ao uso adecuado da indumentaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, tendo en conta ademais as recomendacións de aseo persoal necesarias para esta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.1. Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados. 	100%							<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAV.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que se vaian realizar, seguindo as orientacións dadas. 	100%		X			X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAV. ▪ 2ªAV. ▪ 3ªAV. 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.3. Respecta os hábitos de aseo persoal en relación á saúde e a actividade física. 	85%		X			X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAV. ▪ 2ªAV. ▪ 3ªAV. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ n ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados. ▪ B1.5. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural. ▪ B1.6. Aceptación do propio nivel de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, e a participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a. 	100%		X		X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAV. ▪ 2ªAV. ▪ 3ªAV. 		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos. 	100%			X		X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAV. ▪ 2ªAV. ▪ 3ªAV. 	

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación						Temporalización
					PE	PP	TI	TG	RU	OA	
▪ g	execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora.		▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza.	100%				X		X	▪ 1ªAV. ▪ 2ªAV. ▪ 3ªAV.
▪ m ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ l ▪ ñ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas. ▪ B1.8. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural. ▪ B1.9. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable. ▪ B1.10. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde. 	▪ B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno próximo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.1. Coñece e identifica as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico-deportivas. ▪ EFB1.3.2. Respecta o seu contorno e a valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas. ▪ EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual. 	10% 50% 50%			X				▪ 1ªAV. ▪ 1ªAV. ▪ 1ªAV.
▪ m ▪ n ▪ g	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas ▪ B1.12. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios. ▪ B1.13. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo. 	▪ B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresiva, adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas. ▪ EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección no seu contorno. 	10% 25%			X			X	▪ 1ªAV. ▪ 2ªAV. ▪ 3ªAV. ▪ 2ªEV.
▪ h ▪ i ▪ g ▪ e	▪ B1.14. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e seleccionar información relacionada coa actividade física e	▪ B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes ade-	▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de infor-	50%			X				▪ 1ªAV. ▪ 2ªAV. ▪ 3ªAV.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación						Temporalización
					PE	PP	TI	TG	RU	OA	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ m ▪ ñ ▪ o 	a saúde	cuados á súa idade.	<p>mación salientable.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. 	50%			X				<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAV. ▪ 2ªAV. ▪ 3ªAV.
Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas											
<ul style="list-style-type: none"> ▪ n ▪ m ▪ b ▪ g ▪ l ▪ d ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas básicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade. ▪ B2.2. Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Interpretar e reproducir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas sinxelas de expresión corporal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, combinando espazo, tempo e intensidade. ▪ EFB2.1.2. Pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo. ▪ EFB2.1.3. Colabora na realización de bailes e danzas. 	80%		X		X			<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªAV.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.2. Pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo. 	80%		X		X			<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªAV.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.3. Colabora na realización de bailes e danzas. 	100%				X		X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªAV.
Bloque 3. Actividade física e saúde											
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ f ▪ b ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Condición física. Desenvolvemento das capacidades físicas básicas incidindo principalmente nas relacionadas coa saúde. ▪ B3.2. Introducción aos principios sobre unha alimentación saudable. ▪ B3.3. Identificación da frecuencia cardíaca de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecer e aplicar os principios de alimentación e da actividade física saudable, e recoñecer os mecanismos básicos de control da intensidade da actividade física para a mellora da súa saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.1. Distingue de xeito básico o impacto que pode ter a alimentación nun estilo de vida saudable. ▪ EFB3.1.2. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora da condición física. ▪ EFB3.1.3. Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, e lévaas á práctica. 	50%							<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªAV.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.2. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora da condición física. 	25%		X					<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAV.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.3. Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, e lévaas á práctica. 	25%							<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAV.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Métodos básicos para o desenvolvemento das capaci- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Desenvolver as capacidades físicas básicas máis salientables desde a perspectiva da súa sa- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.1. Iniciase na participación activa das actividades para a mellora das capacidades físicas bá- 	10%			X				<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAV.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación						Temporalización	
					PE	PP	TI	TG	RU	OA		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ f ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ dades físicas desde un enfoque saudable. ▪ B3.5. Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a mellora desta. ▪ B3.6. Principios de ergonomía e hixiene postural e a súa aplicación na práctica de actividades físicas e na vida cotiá.. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ úde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexixencia no seu esforzo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ sicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. 									
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades. 	10%		X						<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAV.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións. 	10%		X						<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAV.
Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas												
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ g ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Execución de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos. ▪ B4.2. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais. ▪ B4.3. Adquisición de técnicas básicas de progresión e orientación no medio natural, e a súa aplicación en diferentes ámbitos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas adaptadas propostas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas máis sinxelas, respectando as regras e as normas establecidas. 	100%			X			X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAV. ▪ 2ªAV. ▪ 3ªAV. 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.2. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis sinxelos. 	25%							<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªAV. ▪ 3ªAV. 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.3. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación, adecuado á súa idade. 	100%		X					<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªAV. ▪ 3ªAV. 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.4. Explica e pon en práctica técnicas básicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación. 	10%		X					<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ªAV. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas sinxelas vinculadas aos deportes co- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Resolver situacións motoras sinxelas de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitada, utilizando as estratexias máis axeitadas en 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de 	40%		X				<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªAV. ▪ 3ªAV. 		

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación						Temporalización
					PE	PP	TI	TG	RU	OA	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g ▪ m 	lectivos, respectando os regulamentos específicos. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos. 	función dos estímulos relevantes.	colaboración-oposición facilitadas, respectando o regulamento.								
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.2. Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. 	40%		X					<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªAV. ▪ 3ªAV.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción. 	10%						X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªAV. ▪ 3ªAV.

PE Proba escrita **PP** Proba práctica **TI** Trabajo individual **TG** Trabajo colectivo **RU** Rúbrica **OA** Observación na aula

2º ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación						Temporalización
					PE	PP	TI	TG	RU	OA	
Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física											
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ m ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Control da intensidade do esforzo adaptado a cada fase da sesión de actividade física. ▪ B1.2. Deseño e execución de forma autónoma de xogos e exercicios apropiados para cada fase da sesión, tendo en conta o seu nivel de partida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Desenvolver actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.1. Relaciona a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados. 	100%							<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais de sesión de acordo co contido que se vaia realizar, de forma autónoma e habitual. 	100%		X	X		X	X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades. 	15%			X			X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ n ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ l ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados. ▪ B1.4. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural. ▪ B1.5. Aceptación do 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a. 	100%						X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv. ▪ 2ªAv. ▪ 3ªAv.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos. 	100%						X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv. ▪ 2ªAv. ▪ 3ªAv.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con inde- 	100%						X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv.

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.3.3. Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental. 	100%				X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ªAv.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación						Temporalización
					PE	PP	TI	TG	RU	OA	
	actividades deportivas e/ou recreativas, preferentemente desenvolvidas no medio natural.										

PE Proba escrita **PP** Proba práctica **TI** Traballo individual **TG** Traballo colectivo **RU** Rúbrica **OA** Observación na aula

4. PLANTEXAMENTOS DIDÁCTICOS

A intervención educativa, dende unha perspectiva metodolóxica, vai estar orientada polo modelo constructivista do ensino e aprendizaxe, o que significa que as actuacións do profesor irán encamiñadas a procurar que sexa o propio alumno quen constrúa os seus aprendizaxes.

Para elo será necesario que na selección e secuenciación das actividades de aprendizaxe se teña en conta, na medida do posible, o significado que estas teñen para o alumno/a e a súa relación cos coñecementos que xa posúe. Ademais, haberá que considerar, no proceso de ensino e aprendizaxe, as características particulares de cada alumno/a, tales como a súa capacidade de aprendizaxe, os seus intereses e as súas motivacións, co fin de poder axustar adecuadamente a axuda pedagóxica ás súas necesidades específicas.

4.1. ASPECTOS METODOLÓXICOS

Os métodos de ensino corresponderanse cos obxectivos e estándares de aprendizaxe que se plantexen en cada unidade didáctica. Iso non quere dicir que en cada unidade se utilice un método único, senón que, polo contrario, normalmente combinaranse, sendo os obxectivos didácticos propostos os que determinen a conveniencia de que predomine a utilización dun ou doutro método.

Así, tomando como punto de partida a idea que non se pretende buscar a toda costa un rendemento deportivo concreto, cando se trata da ensinanza e aprendizaxe de modelos, o método de "Instrución directa" é aconsellable en aquelas actividades que teñen solucións ben definidas polo seu probado rendemento, execución na cal requira uns programas motores específicos. Non se debe esquecer que é moito máis fácil aprender correctamente unha técnica dende o principio que intentar corrixi-la cando se aprendeu erroneamente.

Pero de igual forma que a instrución directa é importante en certas actividades, non ten ningún sentido noutras. Aínda que o exemplo máis claro deso témolo na expresión corporal, hai outras moitas actividades e situacións nas que é máis enriquecedor utilizar un ensino mediante a búsqueda ou estilos máis creativos, ou plantexala en forma de resolución de problemas, como pode ser o caso dalgúns deportes alternativos, ou do plantexamento de posibles solucións tácticas nos deportes máis convencionais, ou, tamén, cando se quera introducir elementos lúdicos nos deportes tradicionais (combinación de dous deportes; por exemplo, xogar ó fútbol e baloncesto simultaneamente; xogar a voleibol pero con pelota de espuma e palas,...).

Un dos procedementos metodolóxicos que vai a ser utilizado con maior frecuencia, ó longo do curso, é a "Asignación de tarefas", xa que facilita enormemente a individualización do ensino ó propiciar que cada alumno ou grupo de alumnos realice aquelas actividades que son máis adecuadas a súa competencia motriz. Ademais, este procedemento axuda a que o profesor poida axustar mellor as súas intervencións durante o proceso de ensino e aprendizaxe ás necesidades específicas de cada alumno/a nun momento determinado.

Así mesmo, tamén se proporán situacións de "Ensinado Recíproco", xa que o feito de que un alumno/a teña que corrixi-lo ó seu compañeiro ou compañeiros non só axuda ó que está executando a acción, senón que tamén, o que fai as veces de ensinante, adquire unha idea máis clara da actividade que tamén el debe de realizar, ó verse obrigado a analiza-la execución do seu compañeiro e a detecta-los erros que comete. Por outro lado, o ensino recíproco supón, en sé mesmo, unha boa forma de desenvolver algúns contidos actitudinais.

En canto á estratexia na práctica do ensino de modelos utilizaranse, de acordo coas características da habilidade motriz que se pretenda ensinar, métodos analítico- progresivos ou globais con ou sen polarización da atención.

4.2. TRATAMENTO DOS CONTIDOS CONCEPTUAIS

O tratamento dos contidos conceptuais adoptará diferentes formas, en función dos obxectivos que se pretendan con eles.

Normalmente, ó principio da clase darase ós alumnos unha breve explicación sobre o que se vai a facer na mesma, e sobre o que se pretende conseguir con elo. Este pode ser un bo momento para expoñer determinados contidos conceptuais.

En determinados momentos, sobre todo no 4º de ESO, poderá haber sesións completas de teoría como introdución ou desenrolo de unidades ou proxectos a executar.

Tamén, no transcurso da práctica as explicacións de carácter práctico poden afianzar ou completar as explicacións iniciais.

Por outra banda todo o acontecido conceptualmente nas sesións quedará reflexado e profundizado na aula virtual, ofrecendo camiños de investigación do propio educando.

4.3. ASPECTOS ORGANIZATIVOS

A agrupación estable dos alumnos en función da competencia motriz supón, as veces, problemas derivados da diminución das expectativas do profesor e dos alumnos, da tendencia a unha autoestima baixa, de actitude pasivas ante as limitacións persoais, etcétera. Sen embargo, o uso dosificado e racional deste sistema pode proporcionar certas vantaxes e estar xustificado dende o punto de vista do aprendizaxe, sempre e cando se utilice para casos e situacións concretas, e normalmente se utilicen outros sistemas de agrupamento de alumnos (aleatoriedade, afectividade, heteroxeneidade en altura ou en capacidade, etc.).

As diferenzas individuais no rendemento motor non deben ser o único criterio de agrupamento de alumnos, aínda que este tamén sexa práctico en determinadas situacións. Básicamente utilizaranse dous criterios de agrupamento:

- Agrupacións de alumnos de nivel heteroxéneo: para lograr que os alumnos de maior nivel sirvan de estímulo ós de nivel inferior e para plantexar situacións de "microensino", para o desenrolo de determinados contidos actitudinais, e como elemento de integración.
- Agrupacións de alumnos de nivel homoxéneo: para a realización de pequenas adaptacións curriculares e para plantexar situacións competitivas máis igualadas en cada un dos deportes traballados, pois non hai que descartar o valor educativo da competición.

4.4. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS E ASPECTOS DE INTERESE NA DINÁMICA DA SESIÓN

- Primacía do entramento xeral.
- Coñecemento dos alumnos-as.
- Distribución da sesión:
 - o Introducción e quecemento(intensidade crecente).
 - o Parte principal da sesión.
 - o Volta á calma (intensidade decrecente) ou relaxación e reflexións finais.
- Sesión activa, motivadora, progresiva e adaptada ás diferenzas e necesidades individuais.
- A sesión permitirá a maior transferencia á vida práctica e cotiá do alumno.
- Búsqueda da máxima participación.
- Fomentar o espírito de cooperación.
- Prevalecerá a colaboración e participación ante a competición.
- Tenderase á integración de tódolos alumnos/as, segundo as súas necesidades e capacidades e non á eliminación ou segregación.
- Fomentarse a igualdade entre os sexos: coeducación.
- Fomentarse o aspecto lúdico-recreativo do xogo e da actividade física.
- Deberase ter en conta a etapa evolutiva dos nosos alumnos-as. Os xoves e adolescentes rebrantéxanse constantemente a imaxe que teñen de si mesmos/as e tamén a que pensan que os demais temos deles.

4.5. ESTILOS DE ENSEÑANZA

Seguindo a Muska Mosston: Daremos máis importancia a “chegar a ser” que ós “resultados”, á “flexibilidade” que á “rixidez”.

Consideramos a Educación Física como unha serie dinámica de interaccións entre o profesor ou profesora e o alumno/a, na que poden existir diferentes xeitos de traballar segundo sexan os alumnos e as situacións.

Os estilos de ensinanza non se dan de forma pura na súa aplicación real, polo que se tende a agrupar os estilos en categorías máis amplas con características comúns. Nos vamos a basear por este motivo na clasificación de Delgado Noguera (1992) y como xa dixemos anteriormente, aplicaremos el estilo máis adecuado en cada caso.

-Estilos tradicionais: aqueles que se caracterizan polo máximo control do profesor sobre as decisións que afectan ó proceso de ensinanza aprendizaxe.

- Mando directo: Fundamentado na orde e estilo da ximnasia tradicional. O mestre determina a actividade a realizar, con unhas normas que fixan a calidade/exactitude do exercicio (modelo), mantendo unha organización fixa e tendo o profesor unha posición externa.
- Modificación mando directo: Execución da tarefa o ritmo máis apropiado as súas características, ubicación menos rixida e comunicación máis directa co docente.
- Asignación de tarefas: Despois da explicación e/o demostración da tarefa se produce unha dispersión dos alumnos que comezan a traballar a seu propio ritmo. O alumno faise máis responsable da súa actuación e pode adaptar a tarefa as súas posibilidades. O profesor vese liberado de dirixir a acción e pode utilizar máis tempo nas retroalimentacións.

-Estilos individualizadores: aqueles que se caracterizan por atender fundamentalmente as diferenzas respecto a capacidades, ritmos de aprendizaxe, intereses, ...

- Traballo por grupos de nivel: Pártese dun diagnóstico previo. Establécense cantos niveis se desexe, formando un grupo para cada nivel. Tratarase o mesmo contido, pero en diferentes escalóns, sendo a información inicial diferente en cada grupo.
- Traballo por grupos de intereses: Similar á anterior, pero esta vez os grupos dividiranse en función dos seus gustos, debendo nos dar a elixir entre contidos que consigan o obxectivo que pretendemos.
- Ensinanza modular: Igual que a individualización por intereses, pero será necesario que haxa dos profesores, cada uno dirixirá a un grupo. (Unicamente farase cando veñan monitores externos e nas actividades complementarias e extraescolares).
- Programas individuais: O alumno vai con liberdade para seleccionar o lugar onde realizará as tarefas programadas (a cal virá descrita nunha foia de tarefas, con gráfico). O alumno deberá ler, realizar e anotar na súa ficha. (Utilizase sobre todo cos alumnos exentos de práctica momentánea ou permanente)
- Ensinanza programada: Utilízase para aspectos teóricos, coa axuda da informática e baséase na comprobación inmediata das respostas dadas. (Utilizaremos a aula virtual para colgar exames e exercicios)

-Estilos participativos. Son aqueles cuxo obxectivo fundamental é que o alumno se involucre no proceso de aprendizaxe, buscando que observen ós seus compañeiros, lles proporcionen feedback, os tutelén de algunha maneira.

- Ensinanza recíproca: Alumnos por parexas, un será o executante e o outro o observador (logo cambiar). O observador terá una folla de observación (ou non) para anotar se están presentes ou non nas execucións os puntos clave que destacara o profesor. O coñecemento do resultado se llo dará o observador ao executante, mentres o profesor só se comunicará co observador.
- Grupos reducidos: Igual que o anterior, pero os grupos forman maior número de alumnos, de catro a seis, que asumirán diferentes roles: executante, axudante, observador, ...
- Microensinanza: Una serie de alumnos asumirá o rol de alumnos/as mestres/as. Despois dunha información a modo de introdución do mestre, é o alumno quen dará toda a información ós compañeiros, podendo comunicarse co mestre só cos alumnos/as mestres/as.

-Estilos socializadores: É importante sinalar que non existen estilos de ensinanza socializadores senón técnicas de socialización, cuxa principal aplicación se centra en obxectivos sociais enos contidos conceptuais e actitudinais. Algunhas técnicas son: xogo de roles, torbellino de ideas, philips 66,...

-Estilos cognoscitivos: Son aqueles que intentan estimular un aprendizaxe activo e significativo a través da indagación e a experimentación motriz, o que traslada a toma de decisións ó alumno.

- Descubrimiento guiado: Se fundamenta nunha búsqueda de carácter cognitivo, sendo a maioría de solucións aportadas de forma verbal. Suscítanse preguntas cuxa única resposta válida (plantexamento converxente) constitúen os pasos da progresión e estes serán postos na práctica dunha maneira motriz polos alumnos.
- Resolución de problemas: A búsqueda será motriz. O profesor fai unha pregunta xeral, a cal ten varias solucións válidas (plantexamento diverxente). Será conveniente unha posta en común con todas as solucións aportadas e pasar a súa execución nas situacións de xogo.

-Estilos creativos: deixan liberdade para a creación motriz. O profesor proporá temas xerais que orientarán globalmente o traballo e o alumnado plantexa os problemas a resolver.

5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

5.1. MATERIAIS DE AULA

As instalacións poden limitar os contidos que se traballen, a calidade do ensino deportivo e as posibles actividades físicas extraescolares.

Por este motivo é moi importante dispor dunhas instalacións de calidade, tanto polo que respecta á súa construción como mantemento, cunha distribución correcta dos metros cadrados por alumno.

Tamén é básico ter en conta que o número e o tamaño dos espazos deportivos e dos vestiarios existentes son un factor obstaculizador do número de grupos que poden realizar simultaneamente a sesión de educación física.

As instalacións das que dispón o centro deben garantir a posibilidade de desenvolver o programa da materia independentemente das condicións meteorolóxicas que se dean. Aínda que se tentará adaptar os contidos á época do ano máis adecuada o centro só dispón dun ximnasio totalmente cuberto e unha pista pechada por dous francos.

O departamento conta co material base de ximnasia aportado pola Xunta, ademais do que ha ido adquirindo co seu curto presuposto, e que queda inventariado no anexo II.

5.2. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O departamento non conta con libro de texto e polo tanto toda a información que o alumno ten para repasar e afondar nos contidos son o material colgado na aula virtual e as fotocopias que se deixarán na conserxería para aqueles que non poidan ou queiran seguila vía internet.

Este curso o alumnado de primeiro da ESO contará cos materiais do proxecto Edixgal.

Por outra banda utilizarase, no desenvolvemento teórico da sesión, a implementación dixital (proxección de presentacións, vídeos e demais) cun canón dixital e un ordenador portátil, a parte da pizarra e da aula virtual, cando se dispoña dalgunha aula libre.

Por suposto, terán material de apoio na propia biblioteca do centro, e libros de texto de anos atrás no propio ximnasio.

6. AVALIACIÓN

6.1. PROCESO DE AVALIACIÓN

Avaliación inicial

O inicio de cada unidade didáctica comprobarase ás capacidades e habilidades técnico-tácticos dos alumnos de cada grupo mediante unha avaliación inicial que consistirá nunha proba práctica que só se terá en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e individuo, en consecuencia, non afectará ás cualificacións dos alumnos. Para iso, utilizaremos test motores, listaxes de control e rexistro anecdótico, como mais adiante se indica. O resultado se terá en conta a efectos de valorar a mellora persoal que deberá ser dun 10% con respecto o nivel de partida.

No inicio do curso, tamén se recopilará mediante cuestionario todos aqueles aspectos que debamos ter en conta en canto a saúde do alumno: enfermidades padecidas, si precisa atención especial (tomar medicamentos), problemas auditivos, visuais, motores...

Avaliación formativa

Ao longo do curso os alumnos estarán informados do seu progreso no proceso de aprendizaxe a través das indicacións que se lle vaian dando: correccións dos traballos, comunicación dos resultados das distintas probas prácticas, interacción na aula.

Unha vez ao trimestre informarase de xeito formalizado, de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais e aos alumnos dos progresos destes no proceso de aprendizaxe a través da cualificación da avaliación.

Avaliación sumativa

Ao remate da terceira avaliación valorarase o rendemento académico dos alumnos, así como a súa dedicación e esforzo, mediante a cualificación final que se determinará de acordo coas especificacións e criterios de cualificación que se detallan nos puntos seguintes.

6.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Debido a que a avaliación da EF non só abarca aos aspectos referidos a procedementos, senón tamén os referidos a coñecementos e actitudes, sinalanse a continuación os procedementos e instrumentos das tres áreas a avaliar.

Área motriz

As técnicas e os instrumentos de avaliación que se prevé empregar para avaliar o progreso dos alumnos nesta área son os seguintes:

- Técnica por observación: asociada a unha avaliación subxetiva, cualitativa, baseada na observación da conduta do alumnado por parte do docente. Por exemplo, a avaliación da hixiene postural nos exercicios de estiramientos a través da observación, ou a avaliación da dosificación no esforzo aeróbico.
- Técnica por experimentación: relacionadas cunha avaliación máis obxectiva, cuantitativa e a través de probas motoras. Exemplo: para avaliación da flexibilidade utilizarase o test de flexión anterior do tronco da batería Eurofit.(Anexos)

Área cognoscitiva

Os aspectos de tipo cognitivo valoraranse cos seguintes instrumentos:

- Exposicións.
- Tests.
- Traballos monográficos (de investigación, análise ou opinión).
- Fichas do alumno.

Área afectiva

Nesta área imos valorar o traballo do alumnado atendendo a tres bloques : Normas, Valores e Actitudes por medio de :

- Planillas de observación do profesorado.
- Lista de control, onde se reflexan a participación activa dos alumnos nas actividades propostas.

-Escala de valoración, puntuación ou clasificación.

- Rúbricas

6.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para cualificar ós alumnos terase en conta os aprendizaxes que estes realizaron sobre os tres tipos de contidos que se desenvolveron ó longo do curso.

Área motriz (55%)

As probas físicas mediranse en función da media dos resultados obtidos en cada unha delas, tendo en conta a progresión do alumno/a.

Nos casos en que a persoa non chegue ao aprobado segundo os baremos, pode acadalo por mor do esforzo, empeño e mellora das súas marcas iniciais (deberá mellorar un 10%).

En xeral, a maioría das probas físicas utilízanse para que os alumnos coñezan os seus propios límites e os seus progresos.

A valoración do seu traballo realizarase mediante a progresión persoal o longo de cada unidade didáctica, e en función dos obxectivos que estableza o profesor/a. A determinación das melloras obtense coa realización de controis ao inicio das unidades, para determinar o nivel base ou de partida, e o que acada ao finalizar a unidade.

O apartado da condición física será valorado mediante baremo e o resto de probas deportivas e outras actividades mediante rúbricas e observación sistemática de acordo cos criterios de corrección que se establecerán ao inicio de cada unha delas.

***IMPORTANTE: A non realización dalgunha proba ou actividade diaria, por negarse o alumno a realizala, constará como “0” e se lle aplicará a correspondente diminución na área afectiva.**

Área cognoscitiva (15%)

- A cualificación dos alumnos realizarase en función da calidade dos traballos ordinarios e fichas entregados ó longo do curso e os exames escritos, na súa maioría de tipo test. Tamén se poderán propoñer traballos adicionais máis extensos, que poderán ser obrigatorios ou volun-

tarios , sobre algún tema en particular que sexa de maior interese. Para asegurar que a realización de eses traballos esixiu ós alumnos un esforzo de comprensión do tema, pedirase que os redacten utilizando a súa propia linguaxe e forma de expresión, sen limitarse a copiar ou a resumir textos.

Os traballos voluntarios poderán servir para recuperar a perda de entrega dalgún traballo ou para substituír a cualificación negativa dalgún deles.

A maioría destas tarefas serán avaliadas a través do formato dixital da aula virtual.

Así mesmo, a valoración dos traballos e as fichas de clase realizarase do seguinte xeito:

- Presentación: 15%
- Redacción: 25%
- Puntualidade(dentro do prazo)10%
- Contidos 50%

***NOTA: Haberá dous datas límites de entrega dos traballos, ata a primeira se premiará a puntualidade e a partires da segunda non se recollerá ningún traballo baixo ningunha circunstancia.**

Área afectiva (30%)

- As actitudes referidas ó traballo, afán de superación, grao de participación e achega a clase, relación e cooperación cos compañeiros, profesor, hixiene e puntualidade, colaboración na posta e recollida do material e o seu coidado, etc., son unha parte fundamental para a cualificación da materia. Así mesmo haberá que valorar outros aspectos como a actitude non violenta e colaboración no desenvolvemento das clases. Utilizarase o rexistro sistemático no caderno do profesor da actitude dos alumnos/as a través da observación da súa conduta durante as clases. Tamén se poderán realizar test de autoavaliación. Se un alumno/a está presente pero non realiza a sesión práctica será considerado como falta práctica e terá que facer as labores teóricas encomendadas.

A valoración de este apartado realizarase do seguinte xeito: Cada alumno disporá de 10 puntos iniciais por trimestre que se irán reduciendo en función das faltas de puntualidade, indumentaria inadecuada, pouca o ningunha atención, pouco esforzo..., que serán anotadas no

caderno do profesor restando “-0,5” puntos por infracción. Esta perda poderase compensar con accións e participacións positivas na clase máis alá das valoradas como normais.

ASPECTOS AVALIABLES

Normas (30 %)

- Acudir co equipamento e material adecuado.
- Hixiene mínima e cambio de camiseta ao finalizar a sesión.
- Coidado do material e as instalación.

Actitudes (35 %)

- Predisposición positiva para a actividade.
- Participación activa na sesión evitando conductas de risco.
- Continuidade no traballo da clase.
- Atención ás explicacións.
- Colaboración para o bo funcionamento das sesións.

Valores (35 %)

- Respetto e trato correcto co profesorado.
- Respetto e aceptación das capacidades e destrezas dos compañeiros.
- Relación positiva nas actividades con todos os compoñentes da clase.
- Axuda nas dificultades aos compañeiros.
- Capacidade de traballo en equipo.

Criterios para determinar as cualificacións trimestrais

En consecuencia co reflectido no punto anterior, a cualificación de cada trimestre indicárase en cifras, podendo expresarse ata un decimal, e obterase do seguinte xeito:

A cualificación de cada trimestre indicárase en cifras e obterase do seguinte xeito:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = \text{Área motriz}(55\%) + \text{Área cognitiva} (15\%) + \text{Área afectiva} (30\%)$$

Alumnos/as con lesiones o enfermidades exentos da práctica motriz:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = \text{Área cognitiva}(70\%) + \text{Área afectiva} (30\%)$$

A cualificación obtida en cada trimestre redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior, e ao anterior nos restantes casos, sen prexuízo de que a nota mínima na ESO será de 1 punto. Así, a unha cualificación trimestral de 4,5 corresponderalle 5 na cualificación da avaliación; a unha cualificación trimestral de 4,4 corresponderalle unha cualificación na avaliación de 4.

De conformidade co establecido na normativa vixente, as cualificacións de cada avaliación, consignadas na acta e no boletín correspondente, expresaranse:

Insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable(NT) e sobresaliente (SB), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais, considerándose cualificación negativa o insuficiente e positivas as restantes, correspondendo ao IN do 1 ao 4, ao SU o 5, ao BE o 6, ao NT o 7 e 8 e ao SB o 9 e 10.

Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5 puntos despois de aplicar o redondeo.

Cualificación final ordinaria (xuño)

A cualificación final será a media das tres avaliacións trimestrais (antes de aplicar o redondeo previsto para a cualificación de cada avaliación).

Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado no seu caso o redondeo , se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Avaliación extraordinaria (setembro)

Os alumnos que non superen a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, poderán realizar unha proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e horario fixado polo Centro, que será cualificada do 0 ao 10, podendo expresarse ata 1 decimal.

Nesta proba extraordinaria só se valorará a parte práctica relacionada coas actividades que se impartiran no grupo.

Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado no seu caso o redondeo, se obteña unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos.

6.4. PENDENTES DURANTE O CURSO

O profesor de cada curso poderá establecer medidas de recuperación no caso de que un alumno teña unha valoración negativa nunha avaliación, como por exemplo, repetición de exames e probas prácticas, mellora dos traballos non acadados e seguimento progresivo de mellora no caso de non acadar unha actitude suficiente.

6.5. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os Obxectivos da avaliación educativa son múltiples, e non deben reducirse á avaliación dos resultados obtidos polos alumnos (avaliación académica). Polo contrario, a principal función da avaliación debe ser a de orientar o proceso de ensino e aprendizaxe, proporcionando información sobre o axuste do mesmo aos obxectivos previstos co fin de poder formular un xuízo ao respecto, e introducir as modificacións que foran oportunas.

Algúns dos aspectos susceptibles de ser avaliados, ademais do nivel de aprendizaxe dos alumnos son, a adecuación dos obxectivos e contidos ás necesidades dos alumnos e ao entorno, a intervención docente, e os recursos didácticos.

A avaliación do ensino e aprendizaxe, ademais de constituír un proceso continuo, debe ser utilizada para introducir en calquera momento modificacións na intervención educativa. Para elo debe realizarse unha avaliación inicial (avaliación diagnóstica), unha avaliación continua (avaliación formativa) e unha avaliación final (avaliación sumativa). Posteriormente, o proceso debe contemplarse globalmente para establecer como trascurriu este en relación ó previsto, e como se pode mellorar, podendo así reorienta-la acción docente no futuro.

Para avalia-la práctica docente, e a nivel de aceptación das actividades realizadas, ademais da avaliación de cada unidade didáctica que realiza o profesor, pasarase ós alumnos/as un cuestionario a final de curso. Os resultados obtidos en dito cuestionario servirán para volver a formular algúns aspectos da programación do próximo curso.

Farase unha avaliación do departamento dos seguintes aspectos:

- Grao de adecuación dos obxectivos didácticos e dos contidos. Do trato cos alumnos, da observación do seu traballo na clase, e do seu grao de motivación poderase pescudar se os obxectivos didácticos seleccionados responden ás súas necesidades e inquietudes. Ademais, observarase se a través dos contidos desenvolvidos se alcanzan os obxectivos didácticos propostos.
- Pertinencia das actividades propostas e da secuencia seguida na súa realización, o que suporá observar se as progresións efectuadas permiten a tódolos alumnos alcanzar regularmente as aprendizaxes previstas.
- Congruencia de estratexias diversificadas que dean resposta ós distintos intereses e ritmos de aprendizaxe. O estudio dos resultados obtidos polos alumnos menos capacitados, ou con necesidades e intereses diferentes, orientará sobre a adecuación e suficiencia da planificación que se fixo do tratamento da diversidade.
- Nivel de interacción con e entre os alumnos así como o clima comunicativo establecido na aula. Este aspecto será valorado dende a perspectiva do grao en que as intervencións do profesor faciliten, promovan e motiven os alumnos para o traballo na clase.

Para tal fin e co motivo de identificar mellor os logros e debilidades autoavaliarémolos cubrindo o seguinte cuestionario dos diferentes ámbitos, que servirán como indicadores de logro:

Diversidade		1	2	3	4
1	Qué fago para coñecer la composición da clase?				
	-Pasar unha proba o comezo do curso escolar.				
	-Leer os informes anteriores.				
	-Ver os resultados da avaliación.				
	-Facilitama o Xefe de Estudos.				
	-Facilitama as reunións de grupo.				
2	Teño en conta a diversidade a hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.				
3	A miña programación ten en conta a diversidade.				
4	Dou a cada alumno/a a explicación que precisa				
	-No grupogrande				
	-No grupopequeno				
	-De formaindividual				
5	Plantexo exercicios de diferente nivel en cada unidade e cada exame.				
6	Teño en conta aos alumnos/as que se alexan da media dos resultados (tanto por enriba coma por abaixo).				

Programación		1	2	3	4
1	Consulta a programación ó largo do curso e, no caso necesario, realizo e anoto as modificacións.				
2	Recollo de maneira específica na miña programación aquelas competencias que son básicas e fundamentais.				
3	O confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto.				
4	O comezo de cada novo traballo, proporciono aos/as alumnos/as tódala información que necesitan (aspectos que vamos traballar, obxectivos, recorrido que vamos a efectuar, actividades, competencias a desenvolver, et.).				

Actividades na aula		1	2	3	4
1	Os alumnos e alumnas traballan da seguinte maneira nas miñas clases:				
	-De forma individual.				
	-Por parexas.				
	-En grupos reducidos.				
	-En grupos grandes.				
2	Os exercicios que propoño son do seguinte xeito:				
	-Pechados, dirixidos, etc.				
	-Abertos, procedimentais, diversos, proxectos, etc.				
	-Facilitan o traballo cooperativo.				

3	Na metodoloxía que aplico:				
	- Utilizo ferramentas TIC.				
	- Propoño actividades para facilitar o aprendizaxe autónomo.				
	- Me apoio nas explicacións teóricas.				
4	Como paso as horas lectivas (promedio):				
	- Conseguido silencio.				
	- Impartindo teoría e explicacións.				
	- Respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenrolando prácticas, etc.				
	- Observando				
	- Corrixindo aos/as alumnos/as de maneira individual.				

Avaliación		1	2	3	4
1	Antes de comezar con unha unidade, un tema ou un proxecto explico aos alumnos e alumnas qué, con qué frecuencia, e en base a qué avaliaré.				
2	Utilizo diferentes tipos de probas:				
	- Exames escritos				
	- Exame sorais.				
	- Traballo individual.				
	- Traballo en equipo.				

3	Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe.:				
	-Non.				
	- De maneira individual.				
	-En grupo (seminario, ciclo, etc.).				
	- Cos alumnos.				
4	Entre avaliacións programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polos/as alumnos/as.				
5	Na avaliación teño en conta diferentes competencias.				

Tras completar o cuestionario reflexionaremos e debateremos o resultado, considerándoos cunha media de 0 a 1 como moi malos, de 1 a 2 como malos, de 2 a 3 como bós e de 4 a 5 como moi bós. E para centrar o debate nos aspectos máis interesantes ou salientables, recolleremos as interpretacións e conclusións na seguinte planilla:

Aspectos que hai que considerar		
IMPREVISTOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES

Conclusións	
ASPECTOS POSITIVOS	ASPECTOS MEJORABLES

6.6. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Xunto coa autoavaliación descrita no apartado anterior valoraranse, polo menos unha vez ao trimestre e ao final do curso, as seguintes cuestións:

- Análises e valoración dos resultados académicos.
 - Estatísticas.
 - Valoración dos resultados.
 - Dificultades encontradas.
 - Medidas educativas adoptadas.
 - Propostas de mellora.
- Grado de cumprimento das programacións.
 - Obxectivos, contidos, temporalización, metodoloxía e avaliación.
 - Atención á diversidade.
 - Actividades complementarias e extraescolares.
 - Formación do profesorado

Para maior control deste cumprimento consideraremos unha serie de indicadores de logro:

Indicadores de logro para a AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN	ESCALA		
	1	2	3
1.O deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo foi adecuada.			
2.A secuenciación e temporalización das unidades didácticas, temas ou proxectos foi adecuada.			
3.O grao mínimo de consecución fixado para cada estándar foi adecuado.			
4.Vinculouse cada estándar a un ou varios instrumentos de avaliación.			
5.Seguíronse estratexias metodolóxicas comúns en todo o departamento.			

6.Os materias didácticos empregados resultaron adecuados.			
7.Os libros de texto resultaron adecuados.			
8.As probas de avaliación inicial foron adecuadas.			
9.Respectáronse os criterios, instrumentos e pautas establecidas para o proceso de avaliación.			
10.Respectáronse os procedementos e os criterios de cualificación.			
11.Respectáronse os criterios establecidos para o seguimento e a recuperación das materias pendentes.			
12.As probas obxectivas (exames) propostas resultaron adecuadas, tendo en conta o peso dos estándares para cada curso.			
13.Adoptáronse as medidas de atención á diversidade programadas cando foron necesarias.			
14.Deuse a coñecer á comunidade educativa a información básica relativa á programación didáctica, seguindo o procedemento establecido no centro para garantir a súa publicidade.			
15.Informouse ao alumnado dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación do curso correspondente e, de ser o caso, de outras informacións básicas da programación.			
16.Contribuíuse desde a materia ao Plan Lector do centro.			
17.A programación contribuíu adecuadamente á incorporación das TIC's no proceso de ensino –aprendizaxe.			
18.O grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas foi o adecuado.			
19.O plan de seguimento e revisión da programación ao longo do curso foi adecuado.			

Tras completar os cuestionario reflexionaremos e debateremos os resultado, considerándoos cunha media de 0 a 1 como logro baixo, de 1 a 2 como medio, de 2 a 3 como alto.

- Medidas adoptadas atendendo ás propostas de mellora da memoria de autoavaliación.

Os resultados da avaliación da Programación así coma as medidas de corrección adoptadas, figurarán na Memoria Final.

7. ATENCION A DIVERSIDADE

Seguramente, dentro do currículo do Ensino Secundario, o correspondente ao área de Educación Física é un dos que ten máis posibilidades de selección dos contidos e das actividades que van a constituír a práctica da asignatura.

A intención do Departamento é tratar de garantir a atención á diversidade mediante o ensino individualizado, e as adaptacións curriculares estarán presentes de forma explícita ou implícita na programación, xa que se pretende e se pide a cada alumno/a que traballe sempre segundo o seu nivel e as súas capacidades.

O profesorado de Educación Física dispón dunha multitude de recursos para atender á diversidade dos alumnos/as. Partindo dunha ensinanza individualizada facilitada por unha metodoloxía baseada na asignación de tarefas pódese organizar ós alumnos por grupos de nivel ou de intereses, desdobrar os grupos para traballar cun número menor de alumnos, atender por separado a un alumno ou grupo de alumnos que nun momento determinado o necesite mentres os demais continúan realizando o seu traballo.

Algúns exemplos de atención á diversidade e do tratamento individualizado, son os seguintes:

- Os alumnos traballarán en función do nivel de partida. Para iso utilizarase como base os resultados dos diferentes test iniciais realizados.
- Tenderase a realizar actividades de quentamento individualizado, elaboradas polo propio alumno en función das actividades, e supervisado polo profesor.
- Ofreceranse actividades alternativas para o desenrolo da resistencia aeróbica.
- Traballarase con grupos de nivel ocasionalmente.
- A utilización do "microensino" permitirá traballar con niveis diferenciados.
- Nalgunhas sesións nas que se realizan actividades perigosas ou que dan máis medo (por exemplo en ximnasia deportiva), os alumnos están obrigados a iniciar a clase, pero cando os exercicios se complican poden ir pasando voluntariamente a desenrolar outra actividade ou manterse en niveis máis sinxelos.
- O ensino recíproco permite traballar a cada parella a un ritmo diferente, marcando o profesor o cambio duns exercicios a outros.
- Cada alumno/a poderá adaptar individualmente a intensidade da actividade ó seu nivel de partida. O profesor tenderá a prestar máis axuda a aqueles alumnos que máis o precisen.

7.1. ALUMNADO CON IMPEDIMENTO FÍSICO SEVERO

A condición de exento da parte práctica deberá ser solicitada pola canle oficial ante a Dirección do Centro logo de falar os pais do alumno/a cos profesores correspondentes.

Todos os alumnos que non poidan facer ningún exercicio físico o longo do ano, ó igual que os que, por calquera circunstancia, non poden facer a práctica que corresponda nun momento determinado, teñen que acudir á clase para, ou ben facer un traballo teórico, ou tomar nota dos contidos que se expoñan na clase ou facer unha ficha diaria das actividades que se realizan e que posteriormente ten que entregar ao profesor. Ademais, deben colaborar coa clase nos momentos que se precisen axudas para a utilización do material, arbitraje, microensinanza, anotacións, encargarse da música,... sempre que sexa necesario.

Estes alumnos serán cualificados mediante a entrega e valoración correspondente de todos os traballos que se encarguen á clase, e de algúns máis que lles serán encargados de forma especial a eles, sempre relacionado coa actividade que se faga na clase, así como a través das fichas diarias que deberán ter realizado durante o curso.

Se o impedimento é parcial ou temporal, examínaráselles da parte práctica que poidan realizar substituíndo a non posible polas tarefas descritas anteriormente.

Existe a posibilidade de que alumnos con algún problema como desviacións de columna, ou outro tipo de trastorno funcional, realicen os exercicios prescritos polo médico durante as clases de Educación Física.

7.2. ACI

Temos un alumno con ACI no 2º de ESO, **José Manuel Iglesias**.

As necesidades educativas especiais en educación física son debidas a múltiples causas, neste caso concreto débese a trastornos motores, solicitando estas axudas en cada unha das sesións que deseñemos.

Atención a diferentes ritmos de aprendizaxe

A atención á diversidade é un alicerce básico no noso actual sistema educativo. Por iso debemos partir da situación de cada alumno e alumna, preocupándonos da significabilidade psicolóxica e da funcionalidade das súas aprendizaxes, xa que cada individuo é un ser único e irrepetible.

Os fins e obxectivos do currículo ordinario deben de orientarse a todo o alumnado; pero para iso é necesario flexibilizarse e adaptarse a cada suxeito. E si para iso é necesario axustar as condicións de desenvolvemento do proceso ensino e aprendizaxe, non se debe de dudar en efectuar os cambios adecuados, tanto nos aspectos organizativo.

Líneas xerais de actuación:

- Adecuar as estratexias de ensino-aprendizaxe promovendo a axuda dentro do grupo-clase, de forma que o alumnado máis habilidoso motrizmente colabore e axude a aquel menos avantaxado.
- Propor unha ampla gama de actividades, con diferentes niveis de execución motora para permitir que cada un se sitúe na súa zona de desenvolvemento próximo, adecuado ao seu nivel.
- Empregar distintos recursos e materiais para que todos/as poidan manipular sen dificultades. A distribución de espazos e tempos hanse de ter en conta na planificación do curso. Por exemplo, colocar ao alumnado que necesita maior axuda e atención nos lugares centrais da sesión.
- En educación física, ao ser unha área predominantemente procedimental, o tipo de medida de apoio máis interesante é o apoio simultáneo e individual.

- Propor actividades de ampliación e reforzo para o alumno. Estas actividades aplicaranse ás tarefas ordinarias, modificando a súa estrutura interna de forma que facilitemos a súa realización, podendo:
 - Diminuír o nivel de dificultade (menos peso, máis estímulos, máis tempo).
 - Incrementar a súa autonomía e o grao de responsabilidade (axuda aos compañeiros por exemplo).
 - Aumentar lentamente o nivel de dificultade .
 - Dar maior número de orientacións (máis pistas no proceso heurístico).
 - Utilizar recursos máis alcanzables (balóns máis lixeiros, máis brandos, máis grandes etc)

Atención e tratamento das N.E.E.

Este alumno tiña unha ACI en Educación Física 5º e 6º de primaria. Consideramos que, dentro da área de Educación Física, podería alcanzar e superar os obxectivos e contidos de 4º de primaria.

Obxectivos de 4º de primaria segundo o DECRETO 105/2014, do 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

OBXECTIVOS

- 1.- Tomar conciencia da mobilidade do eixe corporal en distintas posicións e dos diferentes segmentos
- 2.- Valorar o xogo como medio de relación cos demais, respectando as normas establecidas.
- 3.- Consolidar os hábitos posturais, alimenticios, de hixiene persoal e de seguridade na práctica da Educación Física.

- 4.- Executar habilidades co corpo e con obxectos, seleccionando os movementos que máis se adecúen ás súas posibilidades.
- 5.- Adecuar formas e posibilidades de movemento a diferentes situacións.
- 6.- Mellorar o seu nivel de partida das capacidades físicas básicas.
- 7.- Coñecer as posibilidades das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- 8.- Aumentar de xeito global a competencia lingüística.
- 9.- Aceptar e respectar aos seus compañeiros/as evitando calquera tipo de discriminación.
- 10.- Coñecer a normativa básica de circulación en rúas e estradas.
- 11.- Practicar ritmos ou bailes populares sinxelos.
- 12.- Desenvolver a capacidade expresiva e comunicativa.
- 13.- Practicar distintas actividades físicas que formen parte do seu medio habitual e valorar os xogos tradicionais como unha actividade física que permite a vinculación coa cultura á que se pertence.
- 14.- Respectar as normas estabrecidas e mostrar actitude tolerante e respectuosa cara ás diferenzas e limitacións dun mesmo e dos demais.

CONTIDOS

Os contidos da área de educación física están distribuídos en seis grandes bloques. Os contidos do bloque común, pola súa natureza transversal, traballaranse ao longo do curso en combinación cos contidos do resto dos bloques. O mesmo tratamento recibirá a educación en valores, que tamén se traballará ao longo do curso.

Cítanse a continuación os contidos do 4º curso de educación primaria relacionados cos obxectivos de etapa (entre parénteses).

BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas. (a, c, d, k, m)

B1.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras, estratexias e persoas que participan no xogo. (a, c, d, k, m)

Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.

B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. (a, c, d, k, m)

B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. (i)

B1.5. Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. (i)

B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade. (a, k, l, n)

B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. (a, k, l, n)

B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. (a, k, l, n)

B1.9. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas. (a, k, l, n)

B1.10. Identificación e respecto, ao realizar saídas fora do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e ao ciclista. (a, k, l, n)

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos demais mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente. (b, k, m)

B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas. (b, k, m)

B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito. (b, k, m)

B2.4. Descubrimiento dos elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento: circulación, respiración, locomoción (principais músculos e articulacións). (b, k)

B2.5. Control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Toma de conciencia e inicio do control dos diferentes tipos de respiración. (b, k)

B2.6 Equilibrio estático e dinámico sobre superficies estables e inestables e alturas variables. (b, k)

B2.7. Organización espacial (organización dos elementos no espazo, apreciación de distancias, traxectorias, orientación, lonxitude). Organización temporal (duración, sucesión, ritmo). Organización espazo-temporal (velocidade, previsión do movemento). (b, k)

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución das habilidades motrices básicas. (b, j, k)

B3.2. Utilización eficaz e económica das habilidades motrices básicas en medios e situacións estables e coñecidas. (b, j, k)

B3.3. Inicio na adaptación das habilidades básicas a situación non habituais e contornos descoñecidos ou con incerteza, incidindo nos mecanismos de decisión. (b, j, k)

B3.4. Mellora das capacidades físicas básicas de forma global e orientada á execución das habilidades motrices. (b, j, k)

B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando a existencia de diferenzas no nivel de habilidade. (b, j, k)

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

B4.1. O corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación. (b, d, j, k, m, o)

B4.2. Coñecemento e práctica de diversas manifestacións expresivas adaptadas ao ámbito escolar: mimo, dramatización, baile, expresión corporal. (b, d, j, k, m, o)

B4.3. Adecuación do movemento a estruturas espazo-temporais e execución de bailes e coreografías simples utilizando como base o folclore galego e outros bailes do mundo. (b, d, j, k, m, o)

B4.4. Expresión de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento. (b, d, j, k, m, o)

B4.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, participando en actividades artístico-expresivas. (b, d, j, k)

B4.6. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. (b, d, j, k)

BLOQUE 5: ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

B5.1. Consolidación de hábitos de hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables relacionados coa actividade física. (a, b, k)

B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa. (a, b, k)

B5.3. Práctica segura da actividade física, recoñecendo a importancia do quecemento, a dosificación do esforzo, a volta á calma e a relaxación. (a, b, k)

